

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A REALIZACION DE ACTUACIONES ENCAMIÑADAS Á PREVENCIÓN DO ABANDONO E AO FOMENTO DA ADOPCIÓN DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Aínda que cada vez a sociedade ten unha maior sensibilización sobre a tenza responsable dos animais de compañía, o seu abandono segue a ser uns dos problemas de máis difícil solución co que se teñen que enfrontar os distintos concellos da nosa provincia, xa que a maioría segue sen contar cos medios suficientes para facerlle fronte ao abandono e asumir a realización individualizada dun servizo de acollida que transcenda o interese propio das correspondentes entidades locais.

Por ese motivo, a Deputación Provincial de Pontevedra aprobou o 27 de xullo de 2012 un Convenio marco de colaboración coas entidades locais da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a prestación do servizo de acollida de animais abandonados (da especie canina) e no que se contempla unha delegación do exercicio das competencias municipais nesta materia a favor da Deputación por parte dos 48 concellos adheridos ao servizo provincial, que suman mais de 375.000 habitantes.

Ademais, esta institución é a actual titular do centro público de acollida de animais abandonados da Armenteira (CAAN), autorizado pola Xunta de Galicia, inscrito co número **36/028/0005/CR** no Rexistro galego de núcleos zoolóxicos e que, desde a súa apertura hai máis de catro anos, tramitou máis de 1.800 adopcións de animais abandonados e realizou distintas campañas de fomento das adopcións, contra o maltrato animal e de identificación a través do microchip.

Non obstante, a aprobación da nova Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia e o crecente interese da Deputación de Pontevedra nas políticas de protección animal fan necesario continuar coas campañas de sensibilización da sociedade para fomentar o coñecemento do mundo animal, nas que o protagonismo recaerá na prevención do abandono e a promoción da adopción como principais medidas preventivas e paliativas do grave problema do abandono dos animais domésticos.

Neste aspecto é de destacar o importante labor que están a realizar os colectivos e asociacións protectoras de animais que teñen como principal obxectivo a defensa e protección dos animais de compañía, pero que moitas veces non dispoñen dos recursos económicos suficientes para realizar os seus cometidos nas mellores condicións.

Por iso, a Deputación de Pontevedra pon en marcha este ano unha liña de colaboración coas asociacións protectoras co fin de fomentar actividades de sensibilización para a prevención do abandono que contribúan a conseguir unha conducta máis responsable e cívica das persoas e o

respecto, defensa e tenza responsable, así como a promoción da adopción dos animais abandonados.

Esta iniciativa provincial enmárcase no exercicio da delegación de competencias municipais nesta materia xa mencionada e no ámbito competencial que a lexislación vixente en materia de réxime local lles encomenda ás deputacións, xa que deben dirixir a súa actividade a cooperar no fomento do desenvolvemento económico e social en toda a provincia e a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, entre os que se atopan a recollida dos animais domésticos vagabundos e extraviados (artigo 22 da Lei 4/2017, de 3 de outubro), e a protección e benestar dos animais, fomentando as adopcións e reducindo o abandono e o número deles que permanecen no CAAN.

Así mesmo, o artigo 30 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, establece que a Deputación cooperará para a efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando para este fin os medios económicos propios desta que se lle asignen ou as subvencións ou axudas de calquera outra procedencia.

Pola súa banda, o artigo 23 do Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado polo Decreto de 17 de xuño de 1955, establece que "As corporacións locais poderán concederlles subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan os atribuídos á competencia local..."

En consecuencia, tendo en conta as regras establecidas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG); e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, acórdase convocar a seguinte liña de subvencións, que se rexerá polas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

O obxecto destas bases é regular a convocatoria pública dunha liña de axudas para a realización de actividades de concienciación destinadas á prevención do abandono e ao fomento da adopción dos animais de compañía abandonados.

Para os efectos do disposto no apartado anterior entenderanse como animais de compañía os pertencentes ás especies canina e felina.

Segunda. Actuacións, programas e períodos subvencionables

Serán subvencionables ao amparo destas bases:

Actividades de concienciación destinadas á prevención do abandono e ao fomento da adopción dos animais de compañía abandonados, incluído o deseño, maquetaxe, elaboración, adquisición e distribución de material divulgativo, repográfico e/ou publicitario, ademais da realización de charlas ou obradoiros ao respecto, con especial incidencia na poboación infantil e xuvenil, realizadas desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2018.

O importe correspondente ao imposto sobre o valor engadido (IVE) non será subvencionable.

Terceira. Entidades beneficiarias

Poderán optar a estas axudas as asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas, con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra e inscritas no Rexistro galego de asociacións para a protección e defensa dos animais de compañía.

Non poderán obter a condición de beneficiarias as entidades que teñan sancións firmes en vía administrativa por infraccións tipificadas na Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia; así como na Lei 1/1993, de 13 de abril e na Lei 50/1990, de 23 de decembro.

Cuarta. Requisitos

- Presentación da instancia-solicitud en tempo e forma legal
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención coa Deputación de Pontevedra
- Non ter débedas coas facendas públicas estatal e autonómica nin coa Seguridade Social
- Atoparse ao corrente das obrigas tributarias e coa Facenda provincial
- Estar inscrita no Rexistro galego de asociacións para a protección e defensa dos animais de compañía
- Ter presentada a documentación requirida, tanto a de carácter xeral como a específica da actividade

Quinta. Financiamento e aplicación orzamentaria

Esta liña de subvencións estará dotada cun orzamento de 40.000,00 euros, que se financiará con cargo á aplicación 18/923.1705.489.00 do Orzamento da Deputación para o ano 2018.

As axudas previstas nestas bases serán compatibles con outras subvencións de calquera outra Administración pública para as mesmas finalidades, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

Sexta. Prazo, lugar e forma de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).

Sétima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a. Tarxeta de identificación fiscal da asociación
- b. DNI ou NIE da persoa representante legal da asociación
- c. Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social

En caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitarlles ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Oitava. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Resolución da inscrición no Rexistro galego de asociacións para a protección e defensa dos animais de compañía.
- b) Memoria explicativa e orzamentaria das actuacións na que se recollerán de forma concisa e clara os seguintes aspectos: descrición detallada da actuación, finalidade, datas, localidades, lugares e medios empregados, público destinatario (perfil e número estimado de participantes), material divulgativo a empregar (contidos, tipo de material, número de unidades, idioma) e custo estimado por concepto para levar a cabo cada unha das actuacións descritas na memoria.
- c) Breve memoria descritiva das actividades divulgativas, charlas e obradoiros que a asociación desenvolveu nos últimos tres anos na que se recolla, cando menos, a descrición da actuación, a finalidade, datas, localidades e lugares, o público destinatario, o número de asistentes etc., así como calquera outra que poida servir para a baremación dos expedientes. Xunto á memoria achegaranse a documentación que xustifique a realización das actividades descritas nela; o número de asistentes acreditarase cunha declaración responsable ou certificado expedido pola persoa representante da asociación no que conste este.

Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Novena. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda das solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente a través do modelo "Instancia xenérica" dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, en caso de non facelo, se terá por desistido da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Décima. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través de Carpeta Cidadá e de Dirección Electrónica Habilitada Única. Ambos sistemas son accesibles desde a sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralle ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo primeira. Procedemento de concesión e criterios de valoración

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva entre todas as solicitudes admitidas.

Sobre un total de 100, puntos os criterios de selección son os seguintes:

Núm.	Criterio de valoración	Puntos
1	Número de actividades presenciais realizadas nos últimos tres anos (2015-2017) destinadas á concienciación da poboación para a prevención do abandono e ao fomento da adopción dos animais de compañía abandonados	Ata 30
2	Número de actividades e/ou campañas de concienciación non presenciais realizadas nos últimos 3 anos (2015-2017) destinadas á prevención do abandono e ao fomento da adopción dos animais de compañía abandonados	Ata 30
3	Número de charlas e obradoiros realizados nos últimos 3 anos (2015-2017) en centros escolares coa temática da prevención do abandono e o fomento da adopción dos animais de compañía abandonados	Ata 20
4	Número de asistentes a charlas e obradoiros realizados nos últimos 3 anos en centros escolares, coa temática da prevención do abandono e o fomento da adopción dos animais de compañía abandonados (2015-2017)	Ata 20

A contía de cada subvención obterase da aplicación dun cociente á puntuación outorgada de acordo co algoritmo de reparto empregado pola Deputación de Pontevedra nas convocatorias de subvencións de concorrencia competitiva, e terase en conta que o máximo da subvención para cada proxecto non poderá exceder o 80 % do seu orzamento, cun máximo de 3.000,00 euros.

Non obstante o anterior, poderase superar esa porcentaxe e acadar o 100 % en función da dispoñibilidade orzamentaria sobrante, de existir, e das solicitudes seleccionadas.

Décimo segunda. Instrución do procedemento

1. A instrución do procedemento de concesión, que lle corresponde ao Servizo de Asistencia Intermunicipal, comprenderá as seguintes actividades ou fases:
 - a. Unha vez presentadas as solicitudes realizarase o estudo e a súa comprobación por parte do servizo instrutor

- b. A xefa ou xefe do servizo ten a condición de órgano instrutor. As actividades da ou do instrutor comprenderán:
 - b.1. Petición de informes; o prazo de emisión será de 10 días, salvo que se autorice un prazo maior.
 - b.2. Informe-proposta da xefa ou xefe de servizo no que se valorarán as solicitudes á luz dos criterios de concesión e se explicará o sistema de valoración que se seguiu, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un deles. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns das desestimacións.
2. Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta.
3. Estudo do informe-proposta por parte da comisión de avaliación, que neste expediente estará formada por:

Presidenta: Marina Piñeiro Novo, xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios

Vogais: Eugenio Marcote Carballo, enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios; María Martínez Abraldes, técnica adscrita ao Servizo de Asistencia Intermunicipal; e Inés Vereterra Gutiérrez-Maturana, xefa do Servizo de Fiscalización

Secretario: Gabriel Rodríguez Alonso, xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal
4. Proposta de resolución definitiva. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión, formulará a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a ou o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía. Tamén recollerá as solicitudes rexeitadas e os motivos do rexeitamento.
5. A proposta de resolución definitiva non crea ningún dereito a favor da ou do beneficiario proposto fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión.

Décimo terceira. Resolución

1. Unha vez aceptada, no seu caso, a proposta de resolución definitiva, o órgano competente resolverá o procedemento

2. A resolución deberá motivarse, quedando acreditados no procedemento os fundamentos da resolución que se adopte
3. A resolución, ademais de conter a ou o solicitante ou a relación de solicitantes aos que se lles concede subvención, fará constar, no seu caso, de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes
4. Prazo máximo para resolver e notificar. A resolución do procedemento non poderá superar os seis meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo maior ou así veña previsto na normativa da Unión Europea. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que esta pospoña os seus efectos a unha data posterior

O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima as e os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Décimo cuarta. Publicidade da actividade subvencionada

As asociacións beneficiarias das subvencións desta convocatoria quedan comprometidas a establecer, de forma clara, nos exemplares dos programas, carteis anunciadores, webs, fotografías e demais material gráfico e sonoro que publiquen con motivo do programa ou actividade subvencionada, mención expresa do patrocinio da Deputación de Pontevedra coa incorporación do seu emblema.

Décimo quinta. Xustificación e pagamento

As e os beneficiarios deberán ter executadas as actuacións para as que se conceden as axudas antes do 31 de decembro de 2018; así mesmo, deberán xustificalas no prazo de tres meses desde a súa finalización e, en todo caso, antes do 31 de marzo de 2019.

Para cobrar a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "Instancia xenérica" dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>:

1. Xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención:
 - a. Memoria explicativa e detallada das actuacións efectivamente realizadas, na que se recollerán de forma concisa e clara os aspectos que se detallan a continuación:
 - Descrición da actuación
 - Finalidade

- Datas, localidades, lugares e medios empregados
- Público destinatario e asistente, no caso de charlas ou sesións informativas
- Material divulgativo distribuído: copia e/ou fotografías do material, indicando material, número de unidades, idioma, distribución etc.
- Documentación que acredite a súa efectiva execución

b. Xustificación do cumprimento das obrigas impostas

c. Indicación do cumprimento dos obxectivos propostos

2. Xustificación dos gastos

a) Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo (identificando: acredor e documento, importe, data de emisión e, se é posible, data na que se pagou; información, no seu caso, das desviacións con relación ao orzamento que serviu de base á concesión).

b) Xustificación con facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos debidamente conformados, polo importe da subvención concedida, declarando que esas facturas non se utilizaron para xustificar outras subvencións e, se se utilizaron parcialmente, indicarse a porcentaxe.

c) Declaración responsable de que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade subvencionada. Así mesmo, indicarse que o resto de xustificantes da conta se encontran no domicilio da persoa beneficiaria á disposición da Deputación para o seu exame.

d) Acreditación de non estar incurso en ningunha causa de prohibición para percibir axudas ou subvencións públicas ou para contratar, mediante declaración responsable asinada pola súa persoa representante, e presentar ou autorizar a institución provincial para que obteña as certificacións de Facenda do Estado e da Tesourería Xeral da Seguridade Social de que a entidade que representa está ao corrente nas súas obrigas tributarias.

e) Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

f) Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula décimo cuarta mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

O pagamento efectuarase mediante unha transferencia bancaria á conta sinalada na solicitude.

Décimo sexta. Obrigas das entidades beneficiarias

1. As persoas ou entidades beneficiarias das subvencións deberán cumprir as obrigas esixidas polo réxime xurídico das subvencións que resulte de aplicación, especialmente as seguintes:

a. Realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, así como presentar en forma e prazo a xustificación.

b. Levar a cabo as medidas de difusión nos termos establecidos nas bases da convocatoria, tanto na súa forma coma no prazo, que deberán ter a mesma relevancia que as medidas de difusión realizadas para outros entes cofinanciadores da finalidade subvencionada. Só se excluirán desta obriga as subvencións nas que, pola súa natureza, a publicidade poida ser contraria ao respecto e salvagarda da honra, a intimidade persoal e familiar das persoas físicas e aquelas outras nas que, pola súa imposibilidade material, se xustifique a súa exención na convocatoria.

c. As persoas ou entidades beneficiarias deben pagarlles aos seus acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Non obstante, as persoas ou entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán pagar unha vez cobren a subvención, debendo realizar o pagamento no prazo máximo dun mes desde que este se produza.

d. As persoas ou entidades beneficiarias deberán pagar por medio de entidades financeiras.

2. Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS as persoas ou entidades beneficiarias terán que:

a. Comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade subvencionada co obxecto de que, de estimarse con suficiente anterioridade, poida modificarse tanto o contido e a contía da finalidade subvencionada coma a súa forma e prazos de execución e mais a xustificación dos correspondentes gastos.

b. Comunicar cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada, caso no que o importe da subvención deberá ser obxecto de modificación.

Décimo sétima. Incumprimento

Una vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, de ser o caso, o establecido na prórroga, sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Asistencia Intermunicipal requiriralle que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de presentación da documentación neste prazo representará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décimo oitava. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán ser devoltas ou reintegradas nos seguintes casos:

- a) Por obtelas falseando as condicións requiridas
- b) Por non aplicalas para os fins para aos que foron concedidas
- c) Por incumprir a entidade beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases
- d) Nos demais casos previstos no réxime xurídico das subvencións

Décimo novena. Modificación da resolución de concesión

A entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que a concede a modificación da resolución da concesión, nos termos e condicións establecidos no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Vixésima. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo primeira. Natureza e réxime xurídico

As axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria teñen a natureza xurídica de subvencións, de acordo cos criterios establecidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O seu réxime xurídico axústase ao disposto nestas bases, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e no seu Regulamento (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo); na Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia (LSG); na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL); na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas; nas Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2018 e na demais normativa aplicable.

Vixésimo segunda. Recursos

Contra o acordo de aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas), ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 desta lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

Vixésimo terceira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven. A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou do exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable" dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia, os datos persoais obtidos neste procedemento

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revocar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.